

## BANDO DA ALCALDÍA

En Sanxenxo, 19 de xuño de 2026

Con motivo das reformas levadas a cabo no Paseo de Silgar e na súa contorna, e co obxectivo de reorganizar o tráfico rodado neste ámbito, dítase o presente Bando:

1º. O acceso ao Paseo de Silgar entre as confluencias coas rúas Vidal Rocha e Rosalía de Castro está limitado a residentes e autorizados.

2º. Considéranse vehículos autorizados os pertencentes ás Forzas e Corpos de Seguridade, emerxencias, servizos públicos municipais, taxis e transportes públicos. Tamén considéranse autorizados os que realicen operacións de carga e descarga nas zonas destinadas a uso residencial (adoquín azul), en horario de 7:30 a 12:00 e de 17:00 a 19:00 horas.

3º. Esténdese a limitación dos tempos de carga e descarga do punto 2º ás zonas destinadas a uso residencial (adoquín azul) entre as rúas Vidal Rocha e Cesteiros.

4º. Para a sinalización do disposto neste Bando empregaranse os seguintes sinais:



O que se fai público para o seu coñecemento, sendo de obrigado cumprimento dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Asinado dixitalmente.

O alcalde,  
Telmo Martín González

